

Problemas cos letrados asignados pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta
(recomendación)

Expediente: K.7.Q/15760/23

Santiago de Compostela, 15 de Febreiro de 2024

Sr. presidente:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dna. XXX referente a problemas cos letrados e actuacións da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta da Coruña.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos problemas cos letrados asignados pola Comisión de Xustiza Gratuíta de A Coruña, remisión de nova documentación e falta de resposta de dita Comisión.

Acusamos recibo do seu informe que foi rexistrado nesta institución con data de 9 de xaneiro de 2024 e no que se fai constar o seguinte:

- O 28 de marzo do 2023, esta Comisión acorda recoñecer o dereito á asistencia xurídica gratuíta á interesada e confirmar as designacións de profesionais realizadas provisionalmente polo Colexio de Avogados da Coruña.
- O 14 de abril, o colexiado designado polo Colexio, presenta un informe no que fundamenta que a pretensión da solicitante é insostible nos termos do artigo 32 e seguintes da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (en adelante (LAXG).
- O 8 de maio, seguindo os trámites para este tipo de incidentes previstos nos referidos artigos, a Comisión solicita ao Colexio de Avogados da Coruña o primeiro dos ditames previstos e comunica á solicitante o inicio deste procedemento.
- O 11 de maio, a solicitante, facendo uso da posibilidade prevista no artigo 21 bis la LAXG, solicita o cambio do avogado designado para a súa defensa.

- Con data 16 de maio damos traslado da dita solicitude ao Colexio de Avogados da Coruña como órgano competente para a resolución da dita solicitude.

- Finalmente, o Colexio resolve denegar o dito cambio na súa resolución de 24 de maio de 2023.

A dita denegación é recorrible nos termos do referido artigo 21 bis en relación co artigo 20 da LAXG e a resolución final correspondería ao órgano xudicial competente.

Unha vez examinado en detalle o devandito informe conclúese que co seu contido non é posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa posto que non se nos informa sobre o escrito presentado pola queixante a esa Comisión o 19 de outubro de 2023, con entrada nº 56643/RX2835034, e facendo referencia ao expediente 00974/23. No mesmo expón que achega documentación para impugnar o testamento da súa nai.

Por todo o anterior, na data do 29/01/2024, solicitámoslles información complementaria, que xa nos remitiron e no que indican o seguinte:

O escrito presentado pola queixante o 19 de outubro de 2023 foi remitido ao Colexio de Avogados o 25 de outubro (saída 20539/RX2008495) para a súa incorporación e estudo dentro do incidente de insostibilidade que se atopa en trámite ao tratarse dunha documentación sobre o fondo do asunto (a impugnación do testamento).

O dito incidente de insostibilidade continúa en trámite a esta data en espera dos ditames preceptivos esixidos para a súa resolución nos termos do artigo 32 e seguintes da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (en adiante (LAXG).

A maiores do anterior, con posterioridade a emisión do noso informe, a formulante da queixa impugnou o 19 de xaneiro deste ano a denegación de cambio de letrado acordada polo Colexio de Avogados nos termos do artigo 21 bis da LAXG.

A dita impugnación foi remitida por esta Comisión ao órgano xudicial competente para a súa resolución o 22 de xaneiro.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta nos informes da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: A queixa fai referencia tanto a problemas coa designación dos avogados de oficio como a tramitación de nova documentación sobre o fondo do asunto .

Segunda: O órgano xudicial competente está a coñecer a impugnación da denegación de cambio de avogado, polo tanto, queda á marxe das nosas competencias todo o relativo ás actuacións da Administración de Xustiza nos asuntos sometidos á súa xurisdición, que son resoltos polos tribunais e xulgados con independencia e exclusividade. O fundamento desta restrición é dar efectividade aos principios constitucionais de independencia e exclusividade na actuación dos xulgados ou tribunais (artigo 117.1 e 3 da Constitución Española).

Dita impugnación ven, tal e como recoñece o escrito da comisión: *“con posterioridade a emisión do noso informe” “a formulante da queixa impugnou o 19 de xaneiro deste ano a denegación de cambio de letrado acordada polo Colexio de Avogados nos termos do artigo 21 bis da LAXG.”*

Terceira: En canto á nova documentación presentada, foi remitida ao Colexio de Avogados, e é preciso tela en conta no incidente de insostibilidade.

Cuarta: Agora ben, a queixante trasládanos unha falta de resposta na xustiza gratuíta en referencia á impugnación do testamento da súa nai. *“En abril presenté escrito y el último en fecha 19 de octubre y a día de hoy aún no tengo respuesta”*. De feito do informe recibido refire que *“o escrito presentado pola queixante o 19 de outubro de 2023 foi remitido ao Colexio de Avogados o 25 de outubro (saída 20539/RX2008495) para a súa incorporación e estudo dentro do incidente de insostibilidade que se atopa en trámite ao tratarse dunha documentación sobre o fondo do asunto”*.

Polo tanto este incidente encóntrase en trámite, paralelamente á impugnación xudicial de cambio de avogado.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Comisión de Xustiza Gratuíta a seguinte **recomendación:**

Que tendo en conta a situación manifestada, se dea impulso ao incidente de insostibilidade da pretensión.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo